



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 10.10.2019**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 10.10.2019

HORA DE COMEZO: 11:35 h.

HORA DE REMATE: 12:25 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 10 de outubro de 2019, ás 11:35 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12.09.2019).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2019/2020.
- 4.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a colaboración cas xornadas "sODStendo o Planeta. Semana da Axenda 2030 na UVigo", e patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.
- 5.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a 4ª edición da "Finde.U - Feira internacional de emprego universitario", a desenvolver en Porto e Vigo.
- 6.** Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración ca XXVIII edición da Gala do Deporte da UVigo, prevista no Teatro Principal de Ourense.
- 7.** Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada pola directora da ESDEMGA para a celebración do Programa "Debut 2019" para conectar aos estudantes e ás empresas téxtiles.
- 8.** Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e xustifica expresamente a ausencia de dona Ana Isabel Vázquez.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12.09.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa da relación de axudas concedidas pola comisión durante o actual exercicio; e comenta o procedemento seguido para a entrega das carpetas-guía aos novos alumnos da universidade, que por primeira vez se levou a cabo en actos abertos de acollida e presentación convocados nos tres Campus.

Por último propón a aceptación da solicitude da vicerreitora de Captación de alumnado, estudantes e Extensión universitaria, para trasladar a 2020 o gasto de 10.800 € dos 12.000 € concedidos para desenvolver o Programa "e-Destrezas" na súa totalidade. A Comisión dá a súa conformidade.



PUNTO 3

Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2019/2020.

Informa o secretario que, como continuación do proceso iniciado pola Comisión o pasado mes de xuño en primeira instancia, para a asignación de 53 Bolsas-colaboración 2019/2020 concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional aos 42 Departamentos solicitantes da UVigo, e consonte á documentación remitida pola Sección de Axudas e Bolsas, efectúase a adxudicación definitiva tras as vacantes producidas despois do primeiro reparto. Finalizado o prazo e o procedemento de análise das solicitudes, hai 11 vacantes en 10 departamentos; e 30 solicitantes de 15 departamentos.

O secretario informa que se detectan varios casos de departamentos que solicitan maior número de bolsas do rexistrado en xuño, polo que dos 30 solicitantes hai sete peticións correspondentes a cinco departamentos que non poden ser tidas en conta, de acordo co recollido nas bases. Así mesmo dá conta do proceso de reasignación e dos criterios aplicados para as puntuacións, así como dos baremos empregados e da aplicación das normas fixadas polo Consello Social, ata establecer as posición por orde de preferencia de cada unha das solicitudes. A incorporación das notas dos estudantes como criterio selectivo pondérase xunto coa produción científica, cos ámbitos e cos campus, para que teñan bolsa o maior número posible de departamentos. Oídas as explicacións,

- *A Comisión ACORDA informar favorablemente a aprobación do seguinte reparto:*

➤ **- Reasignación definitiva**

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Análise e intervención psicosocioeducativa	1
Filoloxía galega e latina	1
Historia, arte e xeografía	1
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Didácticas especiais	1
Ecoloxía e Bioloxía animal	1
Bioloxía vexetal e ciencias do solo	1
Comunicación audiovisual e publicidade	1
Dereito público	1
Informática	1
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1

➤ **Lista de agarda**

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Comunicación audiovisual e publicidade	1
Química Orgánica	1
Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	1



PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a colaboración cas xornadas "sODStendo o Planeta. Semana da Axenda 2030 na UVigo", e patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.

Subliña o presidente que co obxectivo de entrar de cheo nos Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) que impulsa a ONU no marco da Axenda 2030, o Consello Social promove esta iniciativa para axudar a integrar e madurar o compromiso universitario cos ODS. Ábrese esta valiosa vía de colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade social, internacionalización e cooperación para que a universidade sexa capaz de abrir camiños para reducir as desigualdades e se converta nun sentimento vertical dentro da sociedade e nunha inxección de valores especialmente saudables para a convivencia, para o coñecemento ético, para a igualdade e para a cooperación solidaria. O secretario informa da reunión e das deliberacións do xurado, así como dos criterios seguidos para a adxudicación dos premios.

- ***Apróbase unha axuda de 3.000 € para as xornadas "sODStendo o Planeta", e 1.500 € para a organización do Premio.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a 4ª edición da "Finde.U - Feira internacional de emprego universitario", a desenvolver en Porto e Vigo.

Sinala Ernesto Pedrosa que a iniciativa está dirixida a alumnos ou egresados da UVigo e trátase dun espazo común no que participan tamén as universidades de Porto e Tras-os-Montes, para mellorar a empregabilidade universitaria na eurorexión. A nutrida presenza de empresas e entidades que asisten permite que o abano de perfís profesionais solicitados abarquen a totalidade das ensinanzas ofrecidas pola UVigo. Tendo en conta a axuda concedida en 2018,

- ***Apróbase unha aportación de 2.800 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración ca XXVIII edición da Gala do Deporte da UVigo, prevista no Teatro Principal de Ourense.

Este evento celébrase nesta edición no Campus de Ourense. Ademais de facer un especial recoñecemento á comunidade universitaria, inclúense os premios á traxectoria vital e solidariedade, que afondan a presenza da universidade na sociedade e permiten visibilizar a importancia da saúde física na vida universitaria, con especial recoñecemento a quen o practican dentro da comunidade. Durante o pasado curso, foron preto de 11 mil persoas as que usaron en algún momento as instalacións deportivas da UVigo ou participaron nalgún programa de benestar ou saúde. Propón o presidente que se aprrobe a axuda, tendo en conta a cantidade asinada na anterior edición, e de xeito condicionado a que con carácter previo se remita o programa final do acto.

- ***Acórdase unha aportación de 2.300 €, á espera do programa.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada pola directora da ESDEMGA para a celebración do Programa "Debut 2019" para conectar aos estudantes e ás empresas téxtiles.

Os estudos superiores do título propio en Deseño Téxtil e Moda de Galicia (ESDEMGA) organizan esta iniciativa –que se leva a cabo mediante distintos formatos, sexan talleres, obradoiros, xornadas, masterclass ou encontros- para dar a coñecer o traballo que desenvolven os estudantes e promover a



incorporación dos titulados a equipos de empresas e institución do sector da moda. O título está en fase de extinción, que se fará efectiva ao remate de curso 2019-2020. O desfile final convoca anualmente ao redor de 1.500 persoas e entre 50 e 70 alumnos que participan.

- ***Concédesese unha axuda de 2.600 €.***

PUNTO 8

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:25 horas do 10 de outubro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias